



Paxaros e pluma

Fotos de Álvaro Rodríguez Pomares e textos de Xoán Santamaría Cameán

ESTRELIÑA RISCADA (*Regulus ignicapillus*)

Que alarde de sutileza, que harmonía de cores nas súas diminutas caluguiñas, que gracilidade nos seus desprazamentos xogando sempre ao escondite silencioso entre follacada, entre arumes e arañeiras tecidas cal mandalas debuxadas polas míticas Aracnés dos piñeirais galaicos que tecen e fian e fian e tecen fermosas trampas de transparentes fios cos que apreixar avelaiñas e cascudas voandeiras, manxares exquisitos que serven de empapuxamento proteico para as nosas coroadas ignicapillas.





Paxaros e pluma

Fotos de Álvaro Rodríguez Pomares e textos de Xoán Santamaría Cameán

ESTRELIÑA RISCADA (*Regulus ignicapillus*)

